

**NOVÁS CALVO,
GALEGO-CUBANO**

Xosé Neira Vilas

Hai moitos anos, cando eu estudaba Xornalismo en Bos Aires, oín por primeira vez o nome de Lino Novás Calvo. Falounos del o veterano profesor madrileño José Luis Izquierdo, sobre todo da novela *El negrero*, que sen máis merquei o día seguinte na librería Ateneo. Marabilloume aquela narración e admirei certamente ao autor cando souben que era un emigrante galego de longa e accidentada peripécia. Falei del con Eduardo Blanco-Amor, que me prestou o libro *La luna nona y otros cuentos*. Seguino desde entón e lin canta narración da súa autoría puiden conseguir. Aínda que escribía en castelán e eu comezara a publicar contos na prensa galega da capital arxentina, debo dicir que a súa maneira de contar, o seu realismo e o lostregueo da súa prosa influíron en min a partir daquelas primeiras lecturas que fixen da súa obra.

Lino naceu nas Grañas do Sor (A Coruña) en 1903. Emigrou novo a Cuba, onde fixo de case todo: xornaleiro agrícola, vendedor de carbón, boxeador, contrabandista de ron, cortador de cana, vendedor de leite, taxista... Ao mesmo tempo, foi adquirindo con intelixencia e tenacidade unha sólida cultura. Colaborou na *Revista de Avance*. En 1931, cando triunfa a República en España, chega a Madrid como responsable de publicacións cubanas. Colabora na *Revista de Occidente*, *La Gaceta Literaria*, *El Sol*, *La Voz*. Nesa época deu a coñecer *El negrero*. Foi amigo de Neruda, Alberti, Valle-Inclán, Fernando de los Ríos, Joyce. Desde a trincheira republicana exerceu como cronista de guerra. Colaborou en *Mundo Obrero* e en *Frente Rojo*. En 1940 volveu a Cuba. *Cayo Canas*, *La luna nona y otros cuentos*, *No sé quien soy* son outros dos títulos que publicou.

Traballou na Habana como xornalista e profesor de francés. Traduciu a Faulkner, Hemingway e Steinbeck.

Creou un novo xeito de narrar e gañou a admiración dos narradores das dúas bandas do Atlántico. É unha das grandes figuras das letras cubanas.

En certo modo, levou da súa aldea e de Galicia un maneira de contar que uniu ao xeito urbano da capital de Cuba. Hai nos seus temas fantasía e realismo ao mesmo tempo. Algúns críticos sosteñen que se adiantou a Carpentier no chamado «real maravilloso», que Alejo define e proclama no prólogo da súa novela *El reino de este mundo*.

Dinos a investigadora Cira Romero, verdadeira especialista na obra de Lino, que para el escribir contos non era unha profesión, senón «unha vocación temible, que só lle provocou angustias, intranquilidade e desesperación». É dicir, loi-

taba contra si mesmo, pero padecía a necesidade, a urxencia interior de inventar e contar historias. Talvez levase na memoria –como nos pasou a tantos– os contos de misterio, de medos etc. que se contaban nas cocíñas aldeás nas noites de inverno, arredor da lareira, «á lus do candil», como diría Ánxel Fole.

Teríamos que rastrexar na súa obra a presenza galega en canto a argumentos, fraseoloxía (aínda que sexa traducida) e sintaxe de orixe galega nas súas narracións. Velai unha tarefa para un investigador. Por de pronto e só ollando de pasada os seus contos, por exemplo en «Un encuentro singular», aparece o emigrante que retorna á aldea natal tras moitos anos de ausencia. Sabemos que el volveu un día, pouco máis que de visita ás Grañas do Sor, a aldeña onde nacera. Explica Cira Romero que non debemos buscar aquí ningún elemento autobiográfico. Talvez non, salvo o feito de volver ao recanto onde viñera ao mundo, que, en todo caso, repite a determinación de tantos emigrantes que volven sobre os seus pasos. É natural. Nalgúns contos atopamos apelidos galegos como Louro, Balseiros, Merlo. Hai un personaxe chamado Fillo. No conto que acabo de mencionar, o do retorno á aldea, á orixe, o narrador conta que ao chegar a ela se viste de pana, como cando era rapaz, e calza zocas; engade esta frase: «[...] mis pies se hundan en la niñez». Só os que emigramos sabemos o que significan reencontros así. Tamén Luís Seoane evoca a aldea de Arca da infancia e di que nela naufragou a súa adolescencia.

Lino Novás Calvo foi un extraordinario narrador cubano e latinoamericano, un dos grandes contistas en castelán. Galego de nacemento pero plenamente «aplatanado» na illa de Cuba. No seu relato «La noche de Ramón Yendía», no que conta a peripecia dun taxista na época en que o tirano Gerardo Machado foi derrocado por un movemento popular, descríbennos rúas, barrios, parques, problemas do tráfico, actitudes, comportamentos, como un bo coñecedor da cidade da Habana e da idiosincrasia dos seus habitantes. Talvez unha experiencia persoal, pois el, como é sabido, entre os tantos oficios que desempeñou, foi taxista.

É moi importante que o Consello da Cultura Galega realice actividades deste tipo. Moitos galegos, ao longo do tempo, achegaron o seu saber e as súas experiencias, de contido moi diverso, polo mundo adiante. Sobre todo no mundo americano. Enerxías que Galicia foi perdendo debido á situación económico-social impenante ao longo dos anos. Temos o deber de recordalos e de dalos a coñecer na súa terra de nacemento. Se «honrar, honra», como dixera José Martí, hónrase o Consello e hónrase Galicia recordando unha figura como Lino Novás Calvo.